



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS, CELEBRADA O TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE (13 de xuño de 2.015).

Casa do Concello, Ponteareas 13 de xuño de 2.015, sendo as 11,00 horas, de conformidade coa convocatoria ao efecto, e co obxecto de proceder á constitución do Concello de Ponteareas e á elección de Alcalde, conforme establecen os artigos 195 e 196 da LOREG, LO 5/1985, de 19 de xuño, se reúnen en sesión pública os concelleiros electos don Salvador González Solla, dona María Belén Villar González, don Andrés Sampedro Fernández, dona María Soledad Valado Pérez, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Domingo Freitas Dalmeida, don Jesús Manuel Cao Vila, don Xosé Represas Giráldez, dona María Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, don Francisco Floreal Alonso Pedreira, dona Verónica Carrera Blanco, dona María Jesús Garrote Represas, dona Vanesa Fernández Soage, don Mario Lago Moriña, don Benito Márquez Castro, don Juan Carlos González Carrera, dona María José González Aparicio, don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez e don Lino Antonio Costas Vila.

Non asiste dona Raquel Bautista Alfaya.

Actúa como Secretaria a da Corporación, dona Pilar Fernández Alonso.

A SECRETARIA: O obxecto da presente sesión é o de proceder á constitución da Corporación de Ponteareas, á vista dos resultados das eleccións do pasado 24 de maio de 2015.

O procedemento de constitución do Concello, de conformidade co disposto pola lexislación electoral, implica a realización das seguintes operacións:

- 1) Constitución da Mesa de Idade formada polos Concelleiros electos de maior e menor idade presentes no acto, de acordo co sinalado polo artigo 195 da LOREG, actuando como Secretaria a Secretaria da Corporación.
- 2) Acreditación dos Concelleiros electos ante a Mesa de Idade, de acordo coas credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona. E comprobación de que tódolos Concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei de Bases de Réxime Local 7/1985, de 2 de abril.
- 3) Xuro ou promesa do cargo de Concelleiro,
- 4) Declarar constituída a Corporación si concurre a maioría absoluta dos Concelleiros electos.
- 5) Elección do Alcalde
- 6) Xuramento ou promesa do Alcalde electo e toma de posesión do mesmo.

Procédese polo tanto a formar a Mesa de Idade para o cal invítase a que suban ao estrado os Sres concelleiros electos de maior e menor idade, que á vista das datas de nacemento serían: don Xosé Represas Giráldez e don Benito Márquez Castro, asumindo a Presidencia o primeiro deles.



O PRESIDENTE DA MESA (Xosé Represas Giráldez): Vaise proceder a chamar de xeito individualizado a cada Concelleiro electo, aos efectos de acreditar a súa personalidade e comprobar as credenciais presentadas. Cando se pronuncie o nome de cada concelleiro que levante a man e indique que está presente.

Polo Presidente se procede a chamar aos Concelleiros electos, do que resulta:

- Polo Partido Popular. PP

SALVADOR GONZÁLEZ SOLLA, presente.
MARIA BELEN VILLAR GONZÁLEZ, presente.
ANDRÉS SAMPEDRO FERNÁNDEZ, presente.
MARIA SOLEDAD VALADO PÉREZ, presente.
MANUEL ALBERTO NOVOA IGLESIAS, presente.
DOMINGO FREITAS DALMEIDA, presente.
JESUS MANUEL CAO VILA, presente.

- Polo Bloque Nacionalista Galego. BNG :

XOSE REPRESAS GIRÁLDEZ, presente.
MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA, presente.
HORTENSIA BAUTISTA FERNÁNDEZ, presente.
FRANCISCO FLOREAL ALONSO PEDREIRA, presente.
VERÓNICA CARRERA BLANCO, presente.

- Polo Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE):

MARIA JESÚS GARROTE REPRESAS, presente.
VANESA FERNÁNDEZ SOAGE, presente.
MARIO LAGO MORIÑA, presente.
BENITO MÁRQUEZ CASTRO, presente.

- Por Alternativa Ciudadana de Ponteareas. ACIP:

JUAN CARLOS GONZÁLEZ CARRERA, presente.
RAQUEL BAUTISTA ALFAYA, non asiste.
MARÍA JOSÉ GONZÁLEZ APARICIO, presente.

- Por A Riada do Tea. ARDT:

MANUEL NORBERTO TRONCOSO RODRÍGUEZ, presente.

- Por Esquerda Unida-Son. EU-SON:

LINO ANTONIO COSTAS VILA, presente.

A SECRETARIA: Comprobado o número de asistentes anúnciase que existe o quórum necesario (maioría absoluta) para a celebración da sesión pública de constitución do Concello de Ponteareas.



O PRESIDENTE DA MESA: Pola mesa se comproba que están todas as credenciais dos Concelleiros electos presentes e que por ditos concelleiros se formularon as declaracións de bens e de actividades correspondentes.

Se invita aos Concelleiros electos a que expoñan si lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade a súa declaración, de acordo cos artigos 177 e 178 da LOREG ou outra lexislación concordante.

Non hai ningún pronunciamento ao respecto.

O PRESIDENTE DA MESA: Agora vaise proceder á formulación do xuro ou promesa de acatamento da Constitución legalmente esixido, dacordo coa fórmula legal de xuramento ou promesa, lendo a continuación, de xeito individualizado, os nomes de tódolos Concelleiros electos, aos efectos de que respondan: “si, o xuro” ou “si, o prometo”, e a continuación poden ir tomando posesión dos seus cargos.

A tal efecto sitúase enriba da mesa presidencial un exemplar da Constitución Española.

O PRESIDENTE DA MESA (Xosé Represas Giráldez): “¿Xurades ou prometedes por vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Pontearreas, con lealtade ao Rei, e respetar e facer respetar a Constitución como norma fundamental do Estado?”

SALVADOR GONZÁLEZ SOLLA, si, xuro.

MARIA BELEN VILLAR GONZÁLEZ, si, prometo.

ANDRÉS SAMPEDRO FERNÁNDEZ, si, xuro.

MARIA SOLEDAD VALADO PÉREZ, si, prometo.

MANUEL ALBERTO NOVOA IGLESIAS, si, prometo.

DOMINGO FREITAS DALMEIDA, si, xuro.

JESUS MANUEL CAO VILA, si, xuro.

XOSE REPRESAS GIRÁLDEZ, si, prometo.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA, si, prometo.

HORTENSIA BAUTISTA FERNÁNDEZ, si, por imperativo legal, e asumo a responsabilidade que me toca, de defender os intereses de Pontearreas e de Galicia.

FRANCISCO FLOREAL ALONSO PEDREIRA, si, prometo.

VERÓNICA CARRERA BLANCO, si, prometo.

MARIA JESÚS GARROTE REPRESAS, si, prometo.

VANESA FERNÁNDEZ SOAGE, si, prometo.

MARIO LAGO MORIÑA, si, prometo.

BENITO MÁRQUEZ CASTRO, si, prometo.

JUAN CARLOS GONZÁLEZ CARRERA, si, xuro.

MARÍA JOSÉ GONZÁLEZ APARICIO, si, xuro.



MANUEL NORBERTO TRONCOSO RODRÍGUEZ, si, prometo, por imperativo legal.

LINO ANTONIO COSTAS VILA, si, prometo.

O PRESIDENTE DA MESA: Habendo tomado os Concelleiros posesión dos seus cargos, a Mesa de Idade declara constituída a nova Corporación resultante das eleccións celebradas o 24 de maio de 2.015.

O PRESIDENTE DA MESA: a continuación vaise proceder á elección do Alcalde, polo que a Secretaria ten a palabra para explicar o procedemento de elección.

A SECRETARIA: O procedemento de elección do Alcalde é o previsto polo artigo 196 da LOREG, que sinala que na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, dacordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.
- c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que haxa obtido maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.

A SECRETARIA: A votación poderá ser secreta se así o acorda a maioría absoluta.

A votación para elixir ó Alcalde será ordinaria, salvo que o Pleno acorde que sexa nominal ou secreta.

O PRESIDENTE DA MESA: Pregúntase aos Concelleiros que encabezan as listas, se manteñen a súa candidatura ou a retiran.

Os concelleiros que encabezan as listas do PP, BNG e ACIP se manifestan no senso de que manteñen a súa candidatura respectiva. Os concelleiros que encabezan as listas de PSdG-PSOE, ARDT e EU-SON sinalan que retiran a súa candidatura.

O PRESIDENTE DA MESA: Quedan en consecuencia proclamadas as seguintes candidaturas:

Salvador González Solla (PP).

Xosé Represas Giráldez (BNG).

Juan Carlos González Carrera (ACIP)

Seguidamente se celebra a votación, que arroxa o seguinte resultado.

O PRESIDENTE DA MESA:

Votos a favor de Salvador González Solla: 7

Votos a favor de Xosé Represas Giráldez: 11

Votos a favor de Juan Carlos González Carrera: 2



O PRESIDENTE DA MESA: Dacordo co resultado da votación, e por obter a maioría absoluta dos votos dos concelleiros, queda proclamado Alcalde do Concello de Pontearreas quen fala, o Concelleiro Xosé Represas Giráldez, do grupo BNG.

Procédese a continuación á lectura da fórmula de xuro ou promesa de acatamento á Constitución e a aceptación do cargo.

A SECRETARIA: “¿Xuras ou prometes pola túa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Pontearreas, con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”

O ALCALDE, SR. REPRESAS GIRÁLDEZ: si, o prometo, e comprométome a defender os intereses xerais do Concello de Pontearreas e do pobo de Galicia.

A SECRETARIA: queda vostede posesionado do cargo de Alcalde do Concello de Pontearreas, polo que pode ocupar vostede a Presidencia.

Nestes intreos abandoa a Mesa de idade o concelleiro de menor idade, para ocupar o seu respectivo posto.

Realizado o xuro, polo anterior Alcalde se lle fai entrega do bastón de mando.

O ALCALDE, SR. REPRESAS GIRÁLDEZ, agradecer aos presentes na casa do Concello o correctísimo pronunciamento na sesión. Pronunciarei unhas palabras e a continuación darei o turno aos portavoces dos distintos Grupos Políticos, invitándoos a dar, se o desexan, unha explicación do seu voto ou a expor o que consideren.

Estimados compañeiros e compañeiras da Corporación, veciñas e veciños, hoxe é un día histórico para o noso Concello, hoxe Pontearreas abre unha nova etapa, un tempo novo que xera ilusión e esperanza.

Permitíndeme, para comezar, compartir con todos vos algúns dos sentimentos que me acompañan ó presidir este acto de constitución da Corporación Municipal do Concello de Pontearreas. Para min, que sempre estiven implicado en diversas iniciativas sociais e comprometido tamén na política municipal, este é un dos momentos máis emotivos da miña vida.

Primeiramente, gustaríame manifestar a emoción por lograr o reto colectivo de todas as compañeiras e compañeiros do BNG que dende hai máis de 20 anos levan traballando con ilusión e con forza para gobernar Pontearreas en base ós proxectos e as ideas do nacionalismo galego.

Tamén, a nivel máis persoal, quero falar da alegría que teño por recibir a confianza da maioría da Corporación para ser o Alcalde de Pontearreas, para min a maior honra que



pode ter un ponteareán. Grazas á miña familia e ás persoas ás que lle debo o que son, a todas ás persoas que me axudaron e me apoiaron para chegar ata aquí.

Quero agradecervos a confianza que depositastes en min, especialmente ás concelleiras e concelleiros de PSOE, Riada e Esquerda Unida, e agardo facerme merecedor dela do único xeito que coñezo e podo, co traballo, o esforzo de cada día e o meu compromiso de seriedade e rigor nas actuacións e decisións como Alcalde e Presidente da Corporación.

Ponteareas ten un novo Alcalde, serei un Alcalde que estará ó lado da xente, dialongante, disposto a escoitar e que buscará o consenso para sacar adiante ás prioridades de Ponteareas.

Quero recoñecer aquí a responsabilidade e xenerosidade mostrada por PSOE e Riada para conformar xunto co BNG un goberno estable e competente para os vindeiros catro anos.

O goberno do BNG, PSOE e Riada, que teño a honra de encabezar, un goberno sustentado nos programas das tres forzas políticas e cun organigrama ben estruturado en áreas de xestión, parte co obxectivo de cambiar o rumbo do Concello, cambios na forma de gobernar e nos proxectos a levar a cabo. Xestionaremos o Concello con transparencia e participación cidadán. Priorizaremos a creación de emprego e dinamizaremos a actividade económica e social. Mellorar o benestar social, a calidade de vida, a protección do medioambiente e do territorio será outra das liñas básicas de actuación do goberno do BNG, PSOE e Riada.

Dedicaremos todas as nosas enerxías para que estes catro anos sexan unha oportunidade única para cambiar as cousas e mellorar a calidade de vida dos ponteareáns. Estamos seguros que dentro de catro anos, no 2019, Ponteareas estará mellor e terá futuro.

Democráticamente os veciños e veciñas de Ponteareas, apostaron co seu voto por este cambio político histórico. Pero a partir de hoxe, todos os concelleiros e concelleiras desta Corporación, tanto dende o goberno como dende a oposición cumpriremos co mandato da cidadanía e contribuiremos a consecución do ben común. Nese sentido irán as nosas iniciativas, as actuacións do novo goberno e nesa liña emprazarei tamén a toda a Corporación. O goberno que presido será un goberno aberto a toda a cidadanía, fose cal fose a opción política que votaran. Á hora de gobernar non miraremos a cor política de ninguén, todos somos cidadáns de Ponteareas, e iso é o único que nos vai importar nos vindeiros catro anos. A porta da alcaldía estará aberta a todos os ponteareáns.

Cambiaremos a forma de facer política en Ponteareas, todos os veciños terán as mesmas oportunidades para traballar no Concello, todas as empresas serán tratadas por igual á hora de concursar para realizar obras para o Concello. Ponteareas será un concello transparente, “con paredes de vidro”, onde calquera cidadán poida comprobar en todo momento que se fai cos seus cartos.



Definiremos un modelo de administración máis áxil, máis eficaz.

Un reto particular desta lexislatura tamén é a aprobación do Plan Xeral. Seremos un goberno que reivindicará diante das distintas administracións aquilo que nos corresponde. Como o traspaso da Residencia de Maiores, a nova escola Infantil, contar con chan industrial, diante da Xunta de Galicia ou a construción da circunvalación diante do Ministerio de Fomento. Serei un alcalde esixente para lograr estas prioridades de todos.

Recuperaremos o orgullo de ser de Ponteareas, a partir do que somos, das nosas potencialidades, dos nosos valores, Ponteareas estará de novo no mapa e o Corpus, a música, o Tea e tantas outras fortalezas, son as señas de identidade nas que nos basaremos para potenciar o noso Concello, con iniciativas que xeren actividade económica e emprego. Recuperaremos a ilusión dos ponteareáns polo seu pobo.

Quero recoñecer o traballo das concelleiras e concelleiros que se despiden e xa non están na nova Corporación e darlle a benvida ós seis novos concelleiros e concelleiras.

Hoxe iniciamos un longo camiño para transformar Ponteareas, hoxe iniciamos o cambio para poñer o Concello ó servizo da xente. Nunca estivemos tan esperanzados e ilusionados como hoxe. O ánimo e a ledicia que se respira estes días en Ponteareas e todas ás parroquias axudaranos para superar as dificultades iniciais e a construír un futuro mellor.

Moitas grazas a todos pola súa presenza neste acto e moi bos días.

Dase o turno aos portavoces que así o desexen das forzas políticas.

O SR.COSTAS VILA, dar grazas aos veciños/as que co seu voto a EU-SON, fixeron posible que por primeira vez Esquerda Unida (EU) esté presente no Concello.

A nosa decisión dar o voto pero non entrar no goberno, foi porque todos coincidimos na necesidade de desaloxar da Alcaldía ao PP en Ponteareas que leva décadas gobernando con políticas escurantistas e caciquís.

A decisión de non formar parte na Xunta de Goberno, se debe a que somos conscentes da necesidade de que EU manteña a súa voz, se fosemos parte da Xunta ou nos adaptamos ou por diferenzas políticas daría unha imaxe de oposición dentro da Xunta de Goberno.

Toda a miña actuación como concelleiro estará dirixida pola assemblea municipal de EU-SON.

Quedou claro que o voto a EU non era un voto inútil, serviu para desaloxar ao PP da Alcaldía do Concello.

A entrada de EU no concello é un avance.

Estamos ante unha grande responsabilidade, e poñeremos todo o noso empeño para non defraudar ás persoas que nos deron a súa confianza e intentar que cada vez sexan máis as persoas que confíen en EU.



O SR. TRONCOSO RODRÍGUEZ, agradecer á cidadanía e veciños/as a confianza depositada en A Riada do Tea.

O lema empregado de “a túa voz o noso camiño”, iso é o que temos pensado.

Un recordo dunha persoa que estaría orgullosa de que o seu fillo esté hoxe aquí. Agradecer a miña muller e fillo e a todas as mulleres da sala, sen o seu compromiso Manuel Troncoso non podería estar hoxe aquí .

Grazas pola responsabilidade e polo comportamento hoxe aquí, esperamos levar a Ponteareas ao lugar que lle corresponde. Grazas a todos.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, agradecer aos veciños/as que votaron por esta formación de ACIP e ás persoas que traballaron con nós estes catro anos altruistamente. O noso grupo sempre defenderá aos veciños que o precisen ou se sintan olvidados polo goberno.

Estamos en democracia, as miñas felicitacións ao novo goberno.

Apoiaremos todas as iniciativas que sexan xustas e boas para o concello e estaremos ao lado dos veciños no que se entenda negativo para eles.

Espero que sexa Alcalde de todos os ponteareáns.

Grazas e bos días.

A SRA. GARROTE REPRESAS, bo día a todos, hai un tempo para o debate e a diferenza, un tempo para a loita e confrontación, pero tamén un tempo para o diálogo e o acordo.

Os ponteareáns votaron o inicio do novo tempo, un goberno diferente aos de dereitas que gobernaron nos últimos 30 anos, un goberno de todos e para todos, transparente, democrático e solidario.

Aos cidadáns é aos únicos aos que temos que darlle conta da nosa xestión política .

Ábrese unha nova etapa política en Ponteareas, será un goberno histórico, onde a presenza das mulleres será un feito.

Este vai ser un goberno do que nos sintamos orgullosos.

Agradecerlle o apoio aos cidadáns, nos esforzaremos para que teñan a certeza de que non se equivocaron no voto, e aos que non nos votaron esperamos convencelos co noso traballo e esforzo.

Por todo iso o noso voto foi favorable para o Sr. Represas e foi favorable traballar estes días con todos os grupos ata chegar a un consenso.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, primeiro dicir que o refrán di que o cortés non quita o valente, felicitalle como alcalde e desexar o mellor para o pobo.

Agradecer aos veciños e veciñas a confianza depositada no PP, nos comprometemos a traballar para non defraudalos.

Faremos unha oposición responsable pero sen deixar de ser contundentes.

Apoiaremos iniciativas que supoñan un progreso para Ponteareas.

Recordar e felicitar aos concelleiros que xa non están, polo seu esforzo e traballo.

Somos a primeira forza desta Corporación, e somos conscentes do traballo que queda por diante.

Para nós o que importa é Ponteareas e esperamos que Ponteareas vaia adiante co apoio de todos.



O ALCALDE: Me indica a secretaria que está a disposición dos Sres. Concelleiros Electos a documentación referente ao arqueo e o inventario de bens da Corporación. Se procederá unha vez rematada a sesión a asinar o arqueo extraordinario e a acta de comprobación de inventario.

Sendo as 11,42 horas polo Sr. Alcalde levántase a sesión, do que eu, Secretaria dou fe.